



Viaxe Didáctica ao CERN (Genève, Suíza) AUTORIZACIÓN E COMPROMISO DE BOAS PRÁCTICAS

Para que o alumnado poda realizar a viaxe didáctica, tanto o alumnado como a familia ten que comprometerse a cumprir unhas normas de boas prácticas, en relación ao comportamento e cumprimento das obrigas académicas dentro do período do intercambio.

Todo o alumnado debe ser especialmente coidadoso no cumprimento das instrucións que, tanto antes da viaxe como durante a mesma, lles sexan indicados polo profesorado.

O país que visitamos é moi diferente ao noso e se debe ser moi respectuoso cos seus costumes e normas cando esteamos no transporte público, nos lugares que visitemos, no hotel, na rúa...

Neste tipo de visita cada un, ademais de representarse a si mesmo, está a responder por todo o grupo, e, polo tanto, é o noso centro escolar e a nosa terra a que estará sendo xulgada polos nosos actos.

Un comportamento non apropiado poderá supoñer a expulsión deste programa e o final da viaxe, por causas de igual ou similar natureza ás seguintes:

- a) O incumprimento das leis do país ao que viaxan.
- b) Incumprimento das normas establecidas para o desenvolvemento da actividade.
- c) Consumo de alcohol e/ou de substancias ilegais.
- d) Automedicación sen autorización médica.
- e) Condutas disruptivas.
- f) Comportamentos asociais.

No caso de que un/unha alumno/a mostrase conductas graves de indisciplina ou tivese que abandonar a actividade por causas non imputables ao centro docente, os responsábeis legais do alumno/a faranse cargo e deberán asumir os gastos que se deriven de tal circunstancia, como poden ser os de pagamento do regreso e o custo total da actividade.

Conforme a estas obrigas,

Don/a _____, DNI _____

Don/a _____, DNI _____

pai/nai/titoría legal do alumno/a _____,

AUTORIZO AO MEU FILLO/A A REALIZAR A VIAXE A XENEBRA (SUIZA) DO 11 AO 15 DE FEBREIRO DE 2026

E manifesto que:

Despois de recibida a información sobre a viaxe, entendemos as normas de conducta que o IES Politécnico de Vigo determina que se deben cumprir durante a participación nas actividades levadas a cabo polo alumnado durante a viaxe, comprometéndonos a cumprilas e asumindo as consecuencias do seu incumprimento.

Asdo.:

Pai / Nai / Titor legal

Alumno/a

Vigo, ____ de outubro de 2025